

— CURSO DE FORMACIÓN— *INICIACIÓN AO PROGRAMA QLAB*

Docente: Libe Aramburuzabala
(La Cía de la Luz)



LUNS 22, MARTES 23 E
MÉRCORES 24 DE NOVEMBRO 2021
De 09.00 A 15.00 h.

DURACIÓN: 18 H

AUDITORIO DA CASA DA CULTURA
DO MILLADOIRO
(Travesía do Porto s/n 15895
Milladoiro-Ames)

ORGANIZA



COLABORA



RESUMO DO CONTIDO

DESCRICIÓN DA FORMACIÓN:

O programa Qlab é unha poderosa ferramenta creada para a programación audiovisual e de iluminación no traballo escénico, permitindo sincronizar todos os elementos sonoros, de imaxe e de iluminación dun espectáculo sen saír da contorna Qlab. A formación ofrecese de cara á visión de alumnado que descoñeza a ferramenta, de maneira que está aberta tanto a persoas non iniciadas como iniciadas que queiran reforzar a súa xestión do programa.

OBXECTIVO:

Desenvolver as habilidades necesarias para a creación, realización e posta en escena dun proxecto de Qlab.

METODOLOXÍA:

Por cada capítulo do temario procederase a unha explicación teórica acompañada dunha práctica de realización individual para afianzar conceptos. O desenvolvemento do temario é transversal polo que un capítulo complementa ao seguinte.

**LUNS A
MÉRCORES**
09.00 a 15.00 h
(faranse pausas
pautadas pola
docente)

RESUMO DO CONTIDO

CONTIDOS:

Son: Audio Cues, Mic Cues, inserción de efectos en Qlab.

Vídeo: Vídeo surfaces, multiproxección, rutinas de programación, efectos de vídeo.

Iluminación: Configuración de dispositivos ArtNet, patcheo, programación, creación de memorias, creación de librarías.

1.- Hardware Mac & Software Qlab.

2.- Interface.

3.- Preferencias xenéricas e específicas de cada área.

4.- Cues de son & mic.

5.- Cues de vídeo.

6.- Cues de iluminación.

7.- Follow & auto continue.

8.- Grupos: estudaremos como cada tipo de grupo pode xestionar dunha maneira concreta o seu propio contido.

9.- Protocolo tcp-IP e conexión con outros programas.

10.- MIDI & OSC.

**LUNS A
MÉRCORES**
09.00 a 15.00 h
(faranse pausas
pautadas pola
docente)

RESUMO DO CONTIDO

DISTRIBUCIÓN HORARIA:

Na **xornada 1** veremos toda a parte da interface e para que serve cada Cue de Qlab.


Na **xornada 2** veremos como engadir Cues de diferentes tipos ao espectáculo.

Na **xornada 3** remataremos de afianzar os conceptos das Cues e faremos un exercicio final no espazo escénico do auditorio, levando á práctica o aprendido sobre a xestión dos elementos audiovisuais e de iluminación ao escenario real.

**LUNS A
MÉRCORES**
09.00 a 15.00 h
(faranse pausas
pautadas pola
docente)

CUESTIÓN PARA AS PERSOAS ASISTENTES

1. As persoas inscritas deberán levar **ordenador con sistema Mac OS cunha versión actualizada 10.15.7** como mínimo.
2. O **venres 19 de novembro de 12.00 a 13.00 h** ofrecerase ás persoas inscritas unha titoría virtual vía Zoom en caso de ter problemas coas actualizacións do equipo propio, etc. co obxectivo de comezar a formación con todo o mundo listo a nivel de requerimentos técnicos. Coa inscrición deberá indicarse se se precisa esta titoría.
3. O horario da formación será de **09.00 a 15.00 h**, con pausas pautadas pola docente.
4. A actividade está **enfocada a profesionais das artes escénicas, tanto de perfil técnico como artístico ou de xestión**. É unha formación de iniciación onde se dará unha perspectiva do programa Qlab dende a base. As compañías asociadas a Escena Galega poderán inscribir ao seu nome a colaboradores/as de perfil técnico se así o desexan, aínda que non formen parte do núcleo estable da compañía.
5. O límite máximo é de **12 prazas**, por orde de inscrición.
6. A formación é **de balde para socios/as de Escena Galega**. Se quedan prazas libres, poderán asistir persoas non asociadas, previo pago dunha matrícula de 80 €.
7. Para inscribirse é necesario enviar un correo a info@escenagalega.gal co título da formación no asunto e os datos da persoa interesada (nome completo/teléfono/correo-e) **ata o venres 19 de novembro ás 10.00 h**.



SOBRE A DOCENTE

Libe Aramburuzabala

Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade Rey Juan Carlos (URJC) e Técnico Superior de Luminotecnia para o Espectáculo ao Vivo polo Centro de Tecnología del Espectáculo (CTE-INAEM).

Adicada á iluminación escénica dende hai unha década, exerce como directora técnica do Teatro Lara así como coordinadora técnica de FIRCO, o Festival Iberoamericano de Circo.

Compaxina o seu traballo in situ con xiras de compañías teatrais e de circo como Ventrículo Veloz, Luis Piedrahita ou Cía Lucas Escobedo, entre outras.

Na actualidade imparte cursos de software para espectáculos ao vivo en centros de formación como a escola TRADE ou a Real Escuela Superior de Arte Dramático (RESAD)

Forma parte do equipo de La Cía de la Luz, cooperativa de servizos técnicos e de produción.
